

CIENCIAS DA TERRA E AMBIENTAIS


Instrucións: O alumno deberá elixir unha das 2 opcións (A ou B) das que se compón a proba.

OPCIÓN A

1. Contesta as seguintes cuestións relacionadas coa ATMOSFERA. Valoración: 3 puntos (0,5 puntos/cuestión).

- 1.1. ¿Cales son as fontes naturais e antropoxénicas de CO?
- 1.2. ¿Que é a fronte polar? ¿A súa posición é constante? Razona a resposta.
- 1.3. ¿Que efecto ten a choiva ácida sobre os solos e sobre a vexetación?
- 1.4. ¿Cales son as posibles accións antrópicas que liberan os gases que están implicados no efecto invernadoiro?
- 1.5. ¿Cal é a acción / efecto dos CFC na capa de ozono e as repercusións medioambientais de dita acción?
- 1.6. ¿Por que no hemisferio norte as masas de aire nas borrascas xiran en sentido antihorario?

2. A gráfica adxunta representa a variación dalgúns parámetros indicadores da calidade da auga ó longo dun leito fluvial. **Contesta as cuestións** que se presentan. Valoración: 2 puntos (0,5 puntos / cuestión).



- 2.1. ¿Como evoluciona a concentración de osíxeno durante o proceso de autodepuración do leito?
- 2.2. Razona cómo evoluciona a DBO, en relación co O₂ no proceso de autodepuración.
- 2.3. ¿Como pode afectar a temperatura á concentración de O₂ disolto na auga?
- 2.4. ¿Que condicións deben aparecer no leito para considerar que o proceso de autodepuración se completou?

3. Cos termos que se presentan a continuación **construír 4 frases** nas que se integren só 3 en cada unha delas. Os termos no poderán repetirse. As frases poderán construírse empregando outros termos que non figuren na lista, pero nunca se empregarán máis de 3 dos que se propoñen; haberá, xa que logo, 3 que non serán utilizados. Valoración: 1 punto (0,25 puntos / frase ben construída).

Kárstico - Escala Mercalli - Biomasa - Aerosois - Disolución - Producción neta - Clímax - Danos - CFC - Sucesión - Sísmicos - Calcarias - Nivel trófico - Madurez - Ozono.

4. **Define** os conceptos que se indican a continuación. Valoración: 2 puntos (0,4 puntos/Definición).

Comensalismo - Illa térmica - Afloramento oceánico - Deforestación - Combustible fósil.

5. Sinala como verdadeiras (V) ou falsas (F) as seguintes frases. As respostas erróneas puntuarán negativamente. Non será válido responder nesta folla impresa (debe facerse no caderno de exame). Valoración: 2 puntos (0,2 puntos / acerto).

- 5.1. A realimentación positiva dáse nos casos nos que, ó aumentar un factor "A", aumenta o factor "B" e viceversa.
- 5.2. O número de elos dunha cadea trófica pode ser ilimitado.
- 5.3. Os descompoñedores transforman a materia inorgánica en orgánica.
- 5.4. As plataformas costeiras son zonas de elevada produtividade.
- 5.5. As enerxías solar, eólica e mareomotriz considéranse recursos enerxéticos non renovables.
- 5.6. O efecto de Coriolis é máximo nos polos e mínimo/nulo no ecuador.
- 5.7. O protocolo de Kyoto estableceu un mercado de cotas de emisións á auga.
- 5.8. A combustión dos hidrocarburos emite á atmosfera grande cantidade de CO₂, óxido de S e metais pesados.
- 5.9. As borrascas dificultan a dispersión da contaminación.
- 5.10. A sobreexplotación dun acuífero é provocada pola extracción de auga en cantidades superiores á súa capacidade de recarga.

CIENCIAS DA TERRA E AMBIENTAIS

Instrucións: O alumno deberá elixir unha das 2 opcións (A ou B) das que se compón a proba.

OPCIÓN B

1. Contesta as seguintes cuestións relacionadas coas ENERXÍAS. Valoración: 3 puntos (0,5 puntos/cuestión).

- 1.1. ¿En que se diferencian as enerxías renovables das non renovables? Enumera, mediante un esquema, as fontes de enerxía atendendo á súa capacidade de renovación.
- 1.2. ¿Que características ou propiedades do gas natural fan que sexa unha das fontes de enerxía con máis expectativas para un futuro próximo?
- 1.3. ¿Que é a enerxía eólica? Señala UNHA vantaxe e UN inconveniente da utilización desta fonte de enerxía.
- 1.4. Explicar en qué consiste e cómo se obtén a enerxía xeotérmica.
- 1.5. ¿Que vantaxes ten a enerxía da biomasa? ¿A partir de que produtos (materias primas) se pode obter?
- 1.6. ¿Por que se pode dicir que a enerxía nuclear é unha enerxía “limpa”? Cita UNHA vantaxe e UN inconveniente desta enerxía (fisión nuclear).

2. Os datos da seguinte táboa refírense a parámetros tróficos en dous ecosistemas. Observa os seus datos e **contesta as cuestións** que se presentan. Valoración: 2 puntos (0,5 puntos / cuestión).

	BIOMASA (g C × m ⁻²)	P. Bruta diaria (g C × m ⁻² × día ⁻¹)	Respiración (g C × m ⁻² × día ⁻¹)
PRADERÍA	2.000	4,0	2,0
BOSQUE TROPICAL	18.000	6,5	6,0

- 2.1. Calcula a *producción primaria neta* en cada ecosistema.
- 2.2. Calcula a porcentaxe de gasto respiratorio en cada ecosistema.
- 2.3. Calcula a *taxa de renovación* dos dous ecosistemas.
- 2.4. ¿Por que a produtividade é moito maior na pradería?

3. Cos termos que se presentan a continuación **construír 4 frases** nas que se integren só 3 en cada unha delas. Os termos no poderán repetirse. As frases poderán construírse empregando outros termos que non figuren na lista, pero nunca se empregarán máis de 3 dos que se propoñen; haberá, xa que logo, 3 que no serán utilizados. Valoración: 1 punto (0,25 puntos / frase ben construída).

Límite de carga - Sobreexplotación - SO₂ - Risco - Sistema - Disolución - Acuíferos - Auga - Chuvia ácida - Vento - Tropopausa - Solos expansivos - Biomasa - Arxila - Ácido sulfúrico.

4. **Define** os conceptos que se indican a continuación. Valoración: 2 puntos (0,4 puntos/Definición).

Especie eurioica - Fronte Polar - Eutrofización - Porosidade do solo - Reserva mineral

5. Señala como verdadeiras (V) ou falsas (F) as seguintes frases. As respostas erróneas puntuarán negativamente. Non será válido responder nesta folla impresa (debe facerse no caderno de exame). Valoración: 2 puntos (0,2 puntos / acerto).

- 5.1. A realimentación positiva dáse nos casos nos que, ó aumentar un factor “A”, aumenta o factor “B”, pero o incremento de B provoca a diminución de A.
- 5.2. A inversión térmica é un fenómeno que se produce cando a temperatura diminúe coa altura en vez de aumentar.
- 5.3. As especies eurioicas son menos tolerantes ás variacións das condicións do medio no que viven.
- 5.4. A enerxía acumulada polos descompoñedores non figura nas pirámides ecolóxicas por ser dificilmente cuantificable.
- 5.5. Canto maior sexa a cantidade de O₂ disolto na auga, mellor será a súa calidade.
- 5.6. A auga de refrixeración das centrais nucleares incrementa a temperatura dos ríos onde vai parar.
- 5.7. A escala de Richter mide a intensidade dun sismo en función dos danos orixinados.
- 5.8. A combustión dos hidrocarburos emite á atmosfera grande cantidade de óxido de S, o cal favorece o efecto invernadoiro.
- 5.9. Diminuír o contido de polifosfatos dos deterxentes diminúe a eutrofización das augas.
- 5.10. A combustión de carbón é unha causa da chuvia ácida.

CIENCIAS DA TERRA E AMBIENTAIS

Instrucións: O alumno deberá elixir unha das 2 opcións (A ou B) das que se compón a proba.

OPCIÓN A

2. Contesta as seguintes cuestións relacionadas coa ATMOSFERA. Valoración: 3 puntos (0,5 puntos/cuestión).

- 1.1. ¿Cal é o papel do océano na concentración de CO₂ atmosférico?
- 1.2. ¿Que é o ozono e que funcións realiza como compoñente atmosférico?
- 1.3. ¿Como afectan as condicións anticiclónicas e as borrascas na dispersión dos contaminantes?
- 1.4. ¿Como se forma unha fronte fría e e que provoca?
- 1.5. ¿Cal é a función protectora da atmosfera?.
- 1.6. ¿Como inflúe na dispersión dos contaminantes a inversión térmica?

2. Un equipo de técnicos realiza a análise de dúas mostras de auga correspondentes a dúas zonas diferentes dun río. Os valores dalgúns parámetros preséntanse na seguinte táboa. En relación con eses resultados **contesta as cuestións** que se presentan. Valoración: 2 puntos (0,5 puntos / cuestión).

	Demanda biolóxica de osíxeno (DBO) (mg/l)	Bacterias coliformes por litro
Zona A	2,8	60 000
Zona B	250	150 000

- 2.1. ¿Cal é o significado da DBO? ¿Que información proporciona?
- 2.2. ¿En cal das dúas zonas existe maior contaminación? ¿A que pode deberse a maior contaminación desa zona?
- 2.3. ¿Que posible medida correctora se podería aplicar?.
- 2.4. ¿Que son os bioindicadores? ¿Que vantaxes ofrece o seu emprego en relación coa análise doutros parámetros da auga?

3. Cos termos que se presentan a continuación **construír 4 frases** nas que se integren só 3 en cada unha delas. Os termos no poderán repetirse. As frases poderán construírse empregando outros termos que non figuren na lista, pero nunca se empregarán máis de 3 dos que se propoñen; haberá, xa que logo, 3 que no serán utilizados. Valoración: 1 punto (0,25 puntos / frase ben construída).

Valencia ecolóxica - Producción neta - Ecosistema - Danos - Fluxo - Tolerancia - Factor ecolóxico - Sísmicos - Sucesión ecolóxica - Producción bruta - Competencia - Producción primaria - Escala Mercalli - Tempo - Osíxeno.

4. **Define** os conceptos que se indican a continuación. Valoración: 2 puntos (0,4 puntos/Definición).

Valencia ecolóxica - Efecto Coriolis - Intrusión mariña - CFC - Simbiose.

5. Señala como verdadeiras (V) ou falsas (F) as seguintes frases. As respostas erróneas puntuarán negativamente. Non será válido responder nesta folla impresa (debe facerse no caderno de exame). Valoración: 2 puntos (0,2 puntos / acerto).

- 5.1. Nos ecosistemas terrestres a menor produción dáse nos bosques tropicais.
- 5.2. Entre os factores limitantes da produción primaria están a humidade, a temperatura, falta de nutrientes ou ausencia de luz.
- 5.3. Os individuos e estratexas posúen un potencial biótico moi baixo.
- 5.4. O nivel de ozono estratosférico varía diariamente ou estacionalmente en función da cantidade de radiación solar recibida.
- 5.5. A inversión térmica prodúcese cando a temperatura diminúe coa altura en vez de aumentar.
- 5.6. Os anticiclóns dificultan a dispersión de contaminantes e aumentan os niveis de inmisión destes contaminantes.
- 5.7. A autodepuración das augas é independente da cantidade de O₂ disolto.
- 5.8. A deshidratación é un proceso da liña de auga nunha estación depuradora.
- 5.9. A abundancia de descompoñedores contribúe á formación do solo ó transformar a materia orgánica contida nel.
- 5.10. Debido ó alto contido en residuos inutilizables, o transporte de enerxía de Biomasa é barato.


CIENCIAS DA TERRA E AMBIENTAIS

OPCIÓN B

1. Contesta as seguintes cuestións relacionadas coa XEOSFERA. Valoración: 3 puntos (0,5 puntos/cuestión).

- 1.1. ¿Que explicación ten o feito de que os focos sísmicos a nivel mundial se localicen en áreas concretas? Cite dúas desas áreas xeográficas.
- 1.2. Sinalar 2 medidas para prever os riscos de avenidas e desbordamentos
- 1.3. ¿Cal é o papel da vexetación nos riscos climáticos?
- 1.4. ¿Que efectos producen os tsunamis e en que rexións do planeta é frecuente que se produzan?
- 1.5. ¿Cales son as diferenzas entre a intensidade e a magnitude dun sismo?
- 1.6. Explica o significado dos tres grandes factores de risco xeolóxico (perigo, exposición e vulnerabilidade) aplicado ó caso de risco de inundacións.

3. Observa a seguinte imaxe e **contesta as cuestións** que se presentan. Valoración: 2 puntos (0,5 puntos / cuestión).



- 2.1. ¿Como se denominan este tipo de gráficas? ¿Por que? ¿Que nome reciben os compartimentos que aparecen na gráfica?
- 2.1. ¿Por que hai unha forte diminución da enerxía nos compartimentos a medida que estes están máis achegados ó cume? ¿Por que o número de elos é tan reducido?
- 2.3. ¿Que ocorre coa enerxía de cada compartimento da gráfica que non é aproveitada polo seguinte? Razona a resposta
- 2.4. Explica, mediante un exemplo, outro tipo de pirámide trófica diferente á da figura.

3. Cos termos que se presentan a continuación **construír 4 frases** nas que se integren só 3 en cada unha delas. Os termos no poderán repetirse. As frases poderán construírse empregando outros termos que non figuren na lista, pero nunca se empregarán máis de 3 dos que se propoñen; haberá, xa que logo, 3 que non serán utilizados. Valoración: 1 punto (0,25 puntos / frase ben construída).

Climograma - Ecosistema - Arxila - Temperaturas - Sobreexplotación - Afloramento - Descompoñedores - Precipitacións - Xestión - Producción neta - Acuíferos - Reciclaxe - Auga - Nivel trófico - Nutrientes.

4. **Define** os conceptos que se indican a continuación. Valoración: 2 puntos (0,4 puntos/Definición).

Nicho ecolóxico - Deposición húmida - Nivel freático - Gradiente xeotérmico - Horizonte dun solo.

5. Sinala como verdadeiras (V) ou falsas (F) as seguintes frases. As respostas erróneas puntuarán negativamente. Non será válido responder nesta folla impresa (debe facerse no caderno de exame). Valoración: 2 puntos (0,2 puntos / acerto).

- 5.1. Os mecanismos de realimentación positiva son estabilizadores.
- 5.2. O número de elos dunha cadea trófica pode ser ilimitado.
- 5.3. A eficiencia representa o rendemento dun nivel trófico ou dun sistema.
- 5.4. A capa de ozono presenta o seu grosor máximo no ecuador e mínimo nos polos.
- 5.5. Os anticiclóns facilitan a dispersión de contaminantes e aumentan os niveis de inmisión destes contaminantes.
- 5.6. A combustión de carbón é unha causa da chuvia ácida.
- 5.7. A sobreexplotación dun acuífero próximo á costa no implica a súa salinización.
- 5.8. A abundancia de descompoñedores contribúe á formación do solo ó transformar a materia orgánica contida nel.
- 5.9. O efecto illa térmica potencia os danos da chuvia ácida.
- 5.10. A escala de Mercalli mide a intensidade dun sismo en función dos danos orixinados.

Criterios de Avaliación / Corrección

CONVOCATORIA DE XUÑO

Instrucións: o alumnado deberá elixir unha das dúas opcións (A e B) das que se compón a proba. Cada opción consta de cinco preguntas con diferentes cuestións, que deberán ser contestadas sen mesturar preguntas de ambas as opcións.

OPCIÓN A

1. A contestación correcta a cada unha das cuestións será valorada con 0,5 puntos; iso implica que unha resposta correcta a todas as cuestións permitirá obter unha puntuación máxima de 3 puntos nesta pregunta.

- 1.1. Obterase o máximo da puntuación sempre que o alumno sinala unha fonte natural e outra humana claramente ligadas á produción do CO (0.25 cada tipo)
- 1.2. Unha definición correcta será valorada con 0.25 puntos; razoar a segunda cuestión será valorado cun máximo de 0.25 puntos.
- 1.3. Comentar un efecto sobre o solo e outro sobre a vexetación será valorado cun máximo de 0.25 puntos cada efecto.
- 1.4. Ata un máximo de 5 accións humanas correctas será valorado con 0.5 puntos, 0.1 punto por acción.
- 1.5. Sinalar a destrución da capa de ozono valorarase con 0.2 puntos; indicar tres repercusións valorarase con 0.3 puntos (0.1 por repercusión).
- 1.6. Citar o efecto Coriolis, 0.2 puntos; comentar a resposta de xeito correcto relacionándoa con Coriolis, 0.5 puntos.

2. A contestación correcta a cada unha das cuestións será valorada con 0,5 puntos; iso implica que unha resposta correcta a todas as cuestións permitirá obter unha puntuación máxima de 2 puntos nesta pregunta.

- 2.1. Explicar de xeito correcto a caída de osíxeno, 0.25 puntos. Comentar a recuperación posterior, valorarase con outros 0.25 puntos.
- 2.2. Explicar de xeito correcto a evolución da DBO será valorada cun máximo de 0.5 puntos.
- 2.3. Unha explicación correcta será valorada cun máximo de 0.5 puntos
- 2.4. Facer referencia os tres parámetros representados no gráfico valorarase cun máximo de 0.5 puntos

3. Valorarase con 0.25 puntos cada unha das frases que se constrúa, a condición de que sexan correctas e estean construídas segundo as normas que se especifican no exame. Poderase alcanzar un máximo de 1 punto.

4. A cada un dos conceptos asignaráselle ata un máximo de 0.4 puntos. A devandita cualificación outorgarase cando se dea unha definición excluínte. O valor máximo que se poderá alcanzar nesta pregunta é de 2 puntos.

5. Sinalarase en cada unha das frases se é verdadeira (V) ou falsa (F). As respostas erróneas puntuarán negativamente (de maneira que unha resposta errónea anula unha correcta). A valoración máxima é de 2 puntos (0,2 puntos / acerto).

OPCIÓN B

1. A contestación correcta a cada unha das cuestións será valorada con 0,5 puntos; iso implica que unha resposta correcta a todas as cuestións permitirá obter unha puntuación máxima de 3 puntos nesta pregunta.

- 1.1. Unha resposta concisa á primeira cuestión, 0.1 punto. Un esquema correcto que conteña polo menos dúas fontes renovables e dúas non renovables, 0.4 puntos.
- 1.2. Citar dúas características valorarase con 0.5 puntos (0.25 cada unha)
- 1.3. Contestar correctamente á cuestión exposta supón 0.1 puntos. Sinalar unha vantaxe e un inconveniente, 0.2 puntos cada unha.
- 1.4. Explicar a primeira parte supón 0.25 puntos, e 0.25 puntos o método de obtención.
- 1.5. Sinalar dúas vantaxes valorarase con 0.2 puntos. Indicar tres materias primas 0.3 puntos (0.1 por cada unha)
- 1.6. Razoar unha resposta correcta á primeira parte 0.3 puntos. Sinalar unha vantaxe e un inconveniente, 0.2 puntos (0.1 cada un deles)

2. A contestación correcta a cada unha das cuestións será valorada con 0,5 puntos; iso implica que unha resposta correcta a todas as cuestións permitirá obter unha puntuación máxima de 2 puntos nesta pregunta.

- 2.1. Alcanzarse a puntuación máxima se o cálculo é correcto e as unidades tamén o son. Non indicar as unidades penalizarase con 0.25 puntos, aínda que os cálculos sexan correctos.
- 2.2. Alcanzarse a puntuación máxima se o cálculo é correcto e as unidades tamén o son. Non indicar as unidades penalizarase con 0.25 puntos, aínda que os cálculos sexan correctos.

Criterios de Avaliación / Corrección

2.3. Alcanzarse a puntuación máxima se o cálculo é correcto e as unidades tamén o son. Non indicar as unidades penalizarase con 0.25 puntos, aínda que os cálculos sexan correctos.

2.4. Un razoamento correcto valorarase con 0.5 puntos.

3. Valorarase con 0.25 puntos cada unha das frases que se constrúa, a condición de que sexan correctas e estean construídas segundo as normas que se especifican no exame. Poderase alcanzar un máximo de 1 punto.

4. A cada un dos conceptos asignaráselle ata un máximo de 0.4 puntos. A devandita cualificación outorgarase cando se dea unha definición excluín-te. O valor máximo que se poderá alcanzar nesta pregunta é de 2 puntos.

5. Sinalarase en cada unha das frases se é verdadeira (V) ou falsa (F). As respostas erróneas puntuarán negativamente (de maneira que unha resposta errónea anula unha correcta). A valoración máxima é de 2 puntos (0,2 puntos / acerto).

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

Instrucións: o alumnado deberá elixir unha das dúas opcións (A e B) das que se compón a proba. Cada opción consta de cinco preguntas con diferentes cuestións, que deberán ser contestadas sen mesturar preguntas de ambas as opcións.

OPCIÓN A

1. A contestación correcta a cada unha das cuestións será valorada con 0,5 puntos; iso implica que unha resposta correcta a todas as cuestións permitirá obter unha puntuación máxima de 3 puntos nesta pregunta.

- 1.1. Obterase o máximo da puntuación sempre que o alumnado faga referencia ao efecto do océano na diminución da concentración do CO₂ atmosférico.
- 1.2. Unha definición correcta será valorada con 0.1 puntos. Referirse ao papel do ozono na estratosfera, 0,2; na troposfera outros 0,2.
- 1.3. Explicar de xeito correcto o efecto das condicións anticiclónicas (0.25 puntos) e das borrascas (0.25 puntos) na dispersión dos contaminantes permitirá alcanzar o máximo da puntuación.
- 1.4. Comentar como se forma unha fronte fría valorarase con 0.25 puntos. Explicar o efecto deste fenómeno permitirá alcanzar outros 0.25 puntos.
- 1.5. Explicar de xeito correcto unha das funcións protectoras da atmosfera valorarase con 0.5 puntos.
- 1.6. Comentar a resposta de xeito correcto relacionándoa coa inversión térmica será valorada cun máximo de 0.5 puntos.

2. A contestación correcta a cada unha das cuestións será valorada con 0,5 puntos; iso implica que unha resposta correcta a todas as cuestións permitirá obter unha puntuación máxima de 2 puntos nesta pregunta.

- 2.1. Explicar de xeito correcto cada unha das cuestións valorarase con 0.25 puntos.
- 2.2. A resposta correcta á primeira cuestión supón 0,1 puntos. A segunda valorarase cun máximo de 0.4 puntos.
- 2.3. Facer referencia mediante unha explicación correcta a unha medida correctora valorarase cun máximo de 0.5 puntos.
- 2.4. Unha definición correcta será valorada con 0.2 puntos. Responder correctamente á segunda cuestión valorarase cun máximo de 0.3 puntos.

3. Valorarase con 0.25 puntos cada unha das frases que se constrúa, a condición de que sexan correctas e estean construídas segundo as normas que se especifican no exame. Poderase alcanzar un máximo dun punto.

4. A cada un dos conceptos asignaráselle ata un máximo de 0.4 puntos. A devandita cualificación outorgarase cando se dea unha definición excluín-te. O valor máximo que se poderá alcanzar nesta pregunta é de 2 puntos.

5. Sinalarase en cada unha das frases se é verdadeira (V) ou falsa (F). As respostas erróneas puntuarán negativo (de maneira que unha resposta errónea anula unha correcta). A valoración máxima é de 2 puntos (0,2 puntos / acerto).

OPCIÓN B

1. A contestación correcta a cada unha das cuestións será valorada con 0,5 puntos; iso implica que unha resposta correcta a todas as cuestións permitirá obter unha puntuación máxima de 3 puntos nesta pregunta.

- 1.1. A resposta correcta á primeira parte da pregunta supón 0,3 puntos. A segunda supón 0.2 puntos (0.1 punto/área xeográfica).

Criterios de Avaliación / Corrección

- 1.2. Sinalar dúas medidas valorarase con 0.5 puntos (0.25 cada unha)
 - 1.3. Contestar correctamente á cuestión exposta valorarase cun máximo de 0.5 puntos (polo menos a dúas funcións, 0.25 cada un).
 - 1.4. Explicar a primeira parte da cuestión supón 0.3 puntos. Sinalar dúas rexións serán 0.2 puntos (0.1 punto/rexión).
 - 1.5. Facer referencia ás escalas de medida (Mercalli e Richter) (0.25 puntos) e ao parámetro en que se mide (0.25 puntos) permitirá alcanzar os 0.5 puntos.
 - 1.6. Explicar o significado dos tres grandes factores de risco xeolóxico aplicado ao caso que se propón será valorado cun terzo da puntuación máxima por cada factor .
2. A contestación correcta a cada unha das cuestións será valorada con 0,5 puntos; iso implica que unha resposta correcta a todas as cuestións permitirá obter unha puntuación máxima de 2 puntos nesta pregunta.
- 2.1. A primeira cuestión valorarase con 0.1 punto se se menciona “pirámide ecolóxica”. A segunda cuestión cualificarase cun máximo de 0.2 puntos se inclúe que é un tipo de pirámide “de enerxía”. Contestar de xeito correcto á terceira cuestión será cualificado cos 0.2 puntos restantes.
 - 2.2. A contestación correcta a cada unha das cuestións será valorada con 0,25 puntos.
 - 2.3. Razoar correctamente a cuestión exposta permitirá alcanzar o máximo de puntuación (0.5 puntos), sempre que a explicación se refira á respiración metabolismo e aos descompoñedores.
 - 2.4. Unha explicación correcta será valorada cun máximo de 0.5 puntos
3. Valorarase con 0.25 puntos cada unha das frases que se constrúa, a condición de que sexan correctas e estean construídas segundo as normas que se especifican no exame. Poderase alcanzar un máximo dun punto.
4. A cada un dos conceptos asignaráselle ata un máximo de 0.4 puntos. A devandita cualificación outorgarase cando se dea unha definición excluínente. O valor máximo que se poderá alcanzar nesta pregunta é de 2 puntos.
5. Sinalarase en cada unha das frases se é verdadeira (V) ou falsa (F). As respostas erróneas puntuarán negativo (de maneira que unha resposta errónea anula unha correcta). A valoración máxima é de 2 puntos (0,2 puntos / acerto).